

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consello escolares nos centros de educación non universitaria (DOG do 4 de outubro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 alumnos/as**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representante de alumnos/as continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014.
- 2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 10 de novembro.
- 3.- Son elixibles todos os alumnos e alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 10 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos/as que non se presenten como candidatos/as, o día 16 de novembro, ás 11:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o/a alumnos/a de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 14 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro, ou no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores/as.
- 7.- As votacións realizaranse neste IES o **23 de novembro en horario de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:45 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 2 de novembro de 2014

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Pedrouzo Devesa

